



CIG - Saúde informa

Negociación do Convenio Colectivo da sanidade privada de A Coruña

CIG-Saúde aposta seguir pola folga convocada para os días 24 de xaneiro e 7 febreiro ata que exista unha negociación real do convenio

¿Que entedemos por unha negociación real?

Que esten dispostos a negociar, cando menos:

- pago de domingos
- redución da xornada anual
- actualización das táboas salarias de acordo a realidade da vida

Condición indispensable é retirada inmediata do recorte nos trienios e do cobro do 100% no caso de IT.



A patronal convocou á mesa de negociación para o día 2 de febreiro e por iso se deciden aprazar as protestas que estaban previstas tanto na Consellería de Sanidade como na Confederación de Empresarios, xa que eran a resposta á suspensión da mesa negociadora por parte da patronal.

Porque manter as xornadas de folga?

Porque a día de hoxe só temos unha data de reunión coa patronal, non temos ningún compromiso de que veñan a negociar, non se nos facilitou ningunha documentación nin houbo ningún cambio no proposto nas reunións pasadas.

Que a Patronal se sente a de novo a negociar é en resposta ao éxito das pasadas xornadas de folga e manifestacións, e por iso é tan importante, a folga do día 24, temos que demostrar que só imos aceptar unha negociación REAL do noso convenio.

En que consiste a folga do día 24?

Nun "paro" dende as 10:00h ás 12:00h

Isto é unha folga parcial na temos dereito a parar a nosa actividade no horario marcado, igual que nas anteriores folgas totais. **Só teñen obriga de estar no seu posto de traballo as persoas ás que se lle comunicaran os servizos mínimos.**

O éxito destas xornadas vai marcar o futuro do noso convenio

